

Introdución

Vigo, 1º de Maio. A crise estaba nos seus inicios. O paro de longa duración, a pobreza e a exclusión social aínda non se despregaran con toda a dureza con que o farían en pouco tempo.

O secretario xeral da Confederación Intersindical Galega afirma que participamos nun enfrontamento polo poder entre dúas clases sociais, a das traballadoras e a do capital. Maio de 2011, miles e miles de indignadas enchen rúas e prazas das principais cidades do Reino de España, berran, *Que non, que non, que non nos representan* e *Non somos mercadorías en mans de políticos e banqueiros*. Setembro de 2011, *Ocuppy Wall Street* populariza desde Nova York o lema *somos o 99%*, denunciando o aumento das desigualdades sociais e o ascenso escandaloso da concentración da riqueza e o poder. Maio de 2014, as eleccións europeas certifican a irrupción de Podemos como fenómeno político, social e electoral. O seu grupo dirixente populariza o termo casta para se referir a un colectivo de políticos e empresarios corruptos que gobernan a sociedade en defensa dos seus privilexios. Maio de 2015, nas eleccións municipais, candidaturas de unidade popular e cidadá converten a denuncia da casta dominante en gobernos alternativos nas principais cidades galegas, catalás, vascas e españolas. Distintas linguaxes, clases sociais, casta de políticos e banqueiros, 99%, para expresar a convicción de que a sociedade está atravesada por conflitos de intereses que enfrontan dous bloques ben definidos e que un dos bloques, unha pequena minoría, acapara o poder económico e político. Máis do 60 por cento das persoas entrevistadas en seis países (Brasil, EUA, India, Reino de España, Reino Unido e Sudáfrica) cren que os ricos teñen unha excesiva influencia na política e que os gobernos están ao seu servizo¹.

Os pobos, a xente, a cidadanía consideran que os gobernantes non cumpren a súa parte do pacto social, non velan polos intereses da maioría. A porcentaxe de descontentas chega ao 80 por cento no Reino de España. Os efectos da crise, o aumento

¹ Intermon-Oxfam (2014), *Gobernar para las élites. Secuestro democrático y desigualdad económica*, p. 11.

do paro, a pobreza e a desigualdade están sen dúbida na orixe desta desafección. En significativo contraste, os economistas da corrente ortodoxa e dominante e os medios de comunicación e persuasión de masas ignoran as relacións de poder que estruturan a sociedade. Os conceptos de clase social, loita de clases e poder quedan fóra das seccións de economía dos grandes media, “En economía... o poder aparece como escondido até o punto de que a un lle parece que toda a teoría económica da corrente principal – hoxe omnipresente - tivese como fin fundamental agochar a existencia do poder na economía”². O poder é o grande ausente das facultades e os manuais de economía. Se as graduadas e doutoras en economía poden acadar as súas titulacións sen repararen nunca na existencia do poder nas relacións económicas, como vai aparecer este concepto nos artigos e reportaxes, necesariamente máis breves, de divulgación? Este esquecemento, esta ausencia, son máis rechamantes porque existe unha importante literatura que describe as clases sociais, as relacións de poder que existen entre elas, e a arquitectura do poder do capitalismo occidental no comezo do S. XXI. Da súa lectura deducimos catro conclusións. A primeira é que si existen clases sociais e que se poden localizar e describir cun alto grao de precisión. A segunda, que para comprendermos

as relacións existentes entre as clases sociais debemos realizar aproximacións sucesivas: desde a internacional á estatal e á nacional. A verdadeira clase dominante é unha nova clase, a clase corporativa, que excede as fronteiras. A terceira conclusión é que as clases dominantes, lideradas pola clase corporativa, desenvolven desde hai case 40 anos unha organizada, intelixente e teimuda ofensiva para aumentaren a súa riqueza e poder e eliminaren as conquistas históricas das clases traballadoras, da gran maioría social. A cuarta conclusión é que un dos resultados desta ofensiva é un enorme aumento da desigualdade na distribución da renda e a riqueza e un extraordinario ascenso da concentración do poder económico e político.

2 Santos Castroviejo, Iago (2013), *La élite del poder económico en España. Un estudio de redes de gobernanza empresarial*, p. 221.

15

Alén da casta

Esa concentración de poder, case sen precedentes, ameaza a democracia e a aspiración de conseguir unha distribución máis xusta da riqueza, soños polos que xeracións de seres humanos traballaron e loitaron antes ca nós. Para que a liberdade e a igualdade sexan posíbeis debemos limitar ou acabar co poder dos poderosos, os seus inimigos. Mais antes cómpre coñecer a magnitude do poder que acumulan.

Catro niveis da xerarquía de poder: internacional, europeo, estatal e nacional.

Nos últimos anos publicáronse numerosas investigacións que estudan e describen as clases sociais desde o ámbito mundial ao estatal e nacional. As novas ferramentas informáticas, e o tratamento de grandes volumes de datos que facilitan, permiten calcular a capacidade de control da economía que acaparan grupos moi pequenos de capitalistas e xestores. O obxectivo deste libro é sintetizar e difundir algunhas desas investigacións sobre o poder e as clases sociais no comezo do S. XXI. Para o facermos analizaremos catro niveis da estrutura de poder nas sociedades capitalistas.

O primeiro, o do capitalismo occidental. Ao se desenvolver e impor a hexemonía do capitalismo financeiro e globalizado emerxe unha clase corporativa, descrita no capítulo I, que controla, dirixe e domina a economía da Tríade, América do norte, Europa, Xapón, Australia e Nova Zelandia. Esta clase corporativa internacional, tamén chamada clase de Davos, artículase coas elites dominantes propias de cada Estado. A concentración da riqueza e o capital e do poder de control da economía mundial en mans da clase corporativa, que se comenta no capítulo II, esixe definir a orde que nos somete como un novo feudalismo. En Europa os Estados cedéronlle soberanía e competencias a unha nova estrutura supraestatal carente de lexitimidade democrática, a Unión Europea, até se constituír un poder cada vez máis afastado do control democrático dos pobos e que actúa cunha enorme autonomía. A falta de democracia é especialmente acentuada na Zona Euro. A estrutura de poder da Unión Europea será o segundo nivel da nosa análise. No capítulo III

16

Xabier Pérez Davila

tentamos responder esta pregunta: quen goberna realmente en Europa?

O terceiro nivel da estrutura de poder é o dos Estados. No Reino de España existe unha configuración de clases que describiremos combinando varios criterios: 1) nivel de ingresos; 2) control e autonomía ou subordinación no traballo; e 3) relación cos medios de produción, propiedade ou dependencia. Os datos

expostos no capítulo IV indican que as clases traballadoras son unha ampla maioría, ao redor do 70 por cento da poboación activa³. No cume da pirámide social unha moi pequena elite de propietarios e altos directivos, non máis do 0,005 por cento da poboación, exerce o control dun enorme poder económico no Estado español⁴.

Agora podemos enfocar o obxectivo no nivel nacional.

Neste cuarto nivel estudaremos a situación das clases sociais en Cataluña e Galiza. A socióloga Subirats dirixiu durante 20 anos unha investigación sobre as clases sociais en Cataluña. A duración do estudo e o número de persoas entrevistadas fornécenos unha descrición cualitativa e cuantitativa das clases sociais, e da súa evolución nas dúas décadas anteriores á crise, que expomos no capítulo V. Boa parte das conclusións ás que chega pódense extrapolar a calquera das nacións e rexións do Estado. Non existe un estudo comparábel recente da sociedade galega, mais dos datos de salarios e tributación, analizados no capítulo VI, dedúcese que o peso da clase traballadora e dos seus segmentos máis baixos é superior en Galiza ao que ten en Cataluña e no conxunto do Reino de España e que unha parte moi importante das clases traballadoras galegas traballan e viven na permanente inseguridade propia do precariado.

³ Antón, Antonio (2104), *Sujetos y clases sociales*.

⁴ Santos Castroviejo, Iago (2013), *La élite del poder económico en España. Un estudio de redes de gobernanza empresarial*.

⁵ Subirats, Marina (2012), *Barcelona: de la necesidad a la libertad. Las clases sociales en los albores del siglo XX*.

17

Alén da casta

Figura 1. Catro niveis da xerarquía de poder: internacional, europeo, estatal e nacional

A liberalización da economía e a flexibilización dos mercados de traballo produciu a erosión dos dereitos laborais conquistados nas 3 décadas posteriores á Segunda Guerra Mundial (SGM). O aumento dos contratos temporais de moi curta duración e da contratación a tempo parcial xunto á crecente individualización das relacións laborais creou unha nova clase de traballadoras caracterizadas pola inseguridade laboral e vital, e a falta de protección social, o precariado, ao que dedicamos o capítulo VII.

Desde que existe historia e Estado, a sociedade escindiuse en clases de seres humanos con intereses enfrontados. Os testemuños escritos certifican que as clases dominantes foron sempre conscientes dos seus intereses e da necesidade de os defenderen, coa maior violencia, fronte á esporádica rebelión das de abaixo. En todo tempo as excluídas ergueron a esperanza dunha sociedade máis xusta. O capítulo VIII presenta unha escolma das advertencias dos poderosos e das voces das rebeldes, desde hai cinco mil anos até hoxe mesmo, e detense especialmente en glosar dous textos pioneiros da contrarrevolución capitalista en curso, *Ataque ao sistema de libre empresa* e *A crise da democracia*.

18

Xabier Pérez Davila

As seccións de economía dos medios de comunicación e persuasión de masas ignoran totalmente as condicións, horarios abusivos, repetición de movementos, monotonía das tarefas, incumprimento da normativa laboral, e baixos salarios, en que se desenvolve o traballo de millóns de persoas das clases traballadoras. Porén, nesas condicións transcorren as mellores horas dos mellores anos das súas vidas e determinan a saúde física, psíquica e social da maioría. No capítulo IX quixemos dar voz a cinco traballadoras que nos contan as súas historias

de xente que non existe.

Hai trece mil trescentos millóns de anos unha violenta expansión deu lugar ao universo do que somos parte. De a distribución da materia ser perfectamente homoxénea non existirían as galaxias, as nebulosas, os sistemas solares, a vida, a intelixencia e a historia. Tampouco as clases sociais. As pequenas irregularidades na distribución da materia, en colaboración coa atracción gravitacional ou a curvatura do espazo -tempo, provocaron que ao redor dos puntos de maior densidade se formasen núcleos de materia que co tempo deron orixe a galaxias, estrelas, planetas, á estrutura do universo tal e como a coñecemos. A historia da nosa especie semella seguir o mesmo patrón. Os pequenos núcleos de riqueza e poder tenden, actuando como o centro dun remuíño, a aumentaren de volume despois a maioría, illada en moléculas incapaces de se subtraeren á forza centrípeta do poder. Como nunha espiral, unha e outra vez as clases subalternas érguense, reclaman o que é seu, o común, e son derrotadas e pagan a derrota con décadas ou séculos de servidume, ou vencen para recuperar espazos de autonomía e liberdade. Despois gozan das novas liberdades conquistadas nas súas vidas boas e adormecen. O poder reconstrúese inventando novas forzas de opresión e a historia inicia unha nova elipse. O *natural* é a concentración do poder a riqueza. A construción da *civilización*, que implica, a domesticación dos poderosos, esixe un esforzo de comprensión, de organización, de politización, de solidariedade, e a combinación da esperanza utópica co pragmatismo monótono e prosaico. A última gran domesticación do poder, que na nosa época se chama capital, veu precedida dun século de esforzos para construír organizacións

19

Alén da casta

autónomas das clases traballadoras, da creación do primeiro Estado que quixo ser socialista, e da derrota do fascismo nunha guerra cruel e terríbel na que pereceron decenas de millóns de seres humanos. O capital aceptou durante 30 anos as rédeas con que o suxeitaban as forzas do traballo para se espreguizar nos anos setenta e avanzar decidido desde os anos oitenta do século pasado. Cando acordamos, o tiranosauo, cos seus cairos ameazantes, xa estaba aí. E nós, que coidabamos vivir en democracia, soubemos que a capacidade de decidir xa non era nosa, da xente do común, e que unha pequena minoría se apropiaba dos bens e das liberdades que tanto nos custará conseguir. Non sabemos que curso seguirá o río da liberdade e a igualdade, o futuro non é previsíbel, mais si podemos intentar comprender cales son as transformacións que permitirían pór a capacidade produtiva común e o coñecemento acumulado por xeracións de seres humanos ao servizo das vidas das mulleres e homes vivos para as afastaren das gadoupas do capital morto. O capítulo X quere imaxinar cales serían hoxe as condicións da liberdade e a igualdade social para a inmensa maioría. Da liberdade e igualdade posíbeis hoxe. Da que só nós somos responsábeis.